

Axuda/Subvención: Axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais

Organismo: Consellería de Traballo e Benestar

Obxectivo: axudas e subvencións que, baixo a rúbrica xeral de programas de cooperación, están destinadas ao financiamento de accións de fomento de emprego en colaboración coas entidades locais a través da contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as e mulleres vítimas de violencia para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e a práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

Beneficiarios: entidades locais ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a unha Administración local que dispoñan de capacidade técnica e de xestión suficientes para a execución dos correspondentes proxectos.

Non poderán ser beneficiarias as entidades que estean incursas nalgunha das circunstancias establecidas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Presentación de solicitudes: As solicitudes cubriranse nos modelos oficiais que figuran como anexos desta orde, que para todos os efectos se entenderán como parte integrante desta, e se dirixirán ás xefaturas dos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, podendo presentarse na Oficina de Rexistro Único e Información da Xunta de Galicia ou nos rexistros dos seus departamentos territoriais, así como nos de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local. No caso de envío por correo, na cabeceira da primeira folla do documento que se queira enviar farase constar, con claridade, o nome da oficina de correos e a data, o lugar, a hora e o minuto da súa admisión.

Os modelos de solicitude, independentemente da súa publicación como anexos a esta convocatoria, atópanse tamén á disposición dos interesados, na páxina web institucional a Xunta de Galicia http://traballo.xunta.es/contenidos/gl/menu_transversal/ayudas_subvenciones/portada_ayudas

Prazo de presentación: O prazo de presentación de solicitudes finalizará o día 1 de abril de 2010, agás as solicitudes de axudas e subvencións para a contratación de mulleres vítimas de violencia, que poderán presentarse ata o 15 de novembro.

Publicación: DOG Nº 40, luns, 1 de marzo de 2010

Máis Información: [D.O.G.](#)

Consellería de Traballo e Benestar: Complexo Administrativo San Lázaro, s/n 15781 Santiago de Compostela Correo-e: web.traballo@xunta.es Tel.: 981 544 619 / 21 - Fax: 981 545 620